

CONCURSO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR 2024MG

CAUSAS DE EXCLUSIÓNS E FORMA DE SUBSANACIÓN

As causas xerais de exclusión pódense subsanar como se indica a continuación:

CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
D01	Non presenta documento acreditativo da identidade	Achegando copia do documento que corresponda.
D02	Documento de identidade incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.
D04	Non presenta documentación adecuada para acreditar a identidade, idade e/ou nacionalidade habilitante para o acceso	Achegando copia do/s documento/s que acrediten tal/es extremos.
R01	Non presenta declaración responsable relativa a contratos previos como axudante doutor/a	Achegando o documento indicado de acordo co modelo normalizado dispoñible na web coa información da convocatoria.
R02	Declaración responsable relativa a contratos previos como axudante doutor/a incompleta	Achegando unha nova declaración responsable cubrindo todos os campos esixidos (<i>especialmente a referencia á convocatoria e a opción si ou non</i>)
R08	Ter esgotado a duración máxima que a lexislación vixente permite estar contratado mediante esta figura	Non subsanable, salvo que se demostre que algún dos períodos alegados na declaración responsable non se corresponden coa figura de profesor axudante doutor
R09	Estar integrado no cadro de PDI da Universidade de Vigo na mesma categoría que a das prazas convocadas	Non subsanable, salvo que se demostre non estar actualmente contratado na Uvigo coa mesma figura que a convocada
S01	Non fixo en prazo a inscrición a través da aplicación, como esixe a convocatoria	Non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
S04	Non presenta copia da solicitude xerada na fase de inscrición	Achegando copia da solicitude xerada no proceso de inscrición.
T01	Non acredita a titulación esixida	Achegando calquera documento adecuado: copia do título requirido, certificación provisional en vigor, certificado de títulos de "Mi Carpeta Ciudadana"...
T02	Documento acreditativo do título incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.
T04	Documento provisional acreditativo do título caducado	Achegando calquera outro documento adecuado.
X04	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de 6 meses de antigüidade como demandante de emprego)	Achegando certificado no que se acredite que ten cando menos 6 meses de antigüidade como demandante de emprego na data de finalización da presentación de solicitudes. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).



CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
X05	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de que non percibe prestacións na actualidade)	Achegando certificado no que se acredite que non se está a percibir prestación ou subsidio por desemprego. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
Y02	Non acredita coñecemento suficiente da lingua castelá ou galega	Achegando copia do documento que corresponda.

